



## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA UN DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Expte: 2021/G007/000025

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día un de xullo de dous mil vinte e un, ten lugar reunión en primeira convocatoria de Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión extraordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os concelleiros/as: Don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro García Sousa. Non asiste por causa xustificadas dona Rosa Ana García López..

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

### Orde do Día

#### PARTE RESOLUTIVA

#### 1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN: 17.06.21

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, aprobou a acta da sesión citada.

#### 2.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: “ PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN MODIFICADO I DO CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE”.

#### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

**EXPEDIENTE CONTRATACIÓN: “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN MODIFICADO 1 DE CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE.-**

**Expte.: 2018/C003/000001**

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data vinte e sete de maio de dous mil vinte e un que se reproduce literalmente:

**“5º.- EXPEDIENTE CONTRATACIÓN: “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN MODIFICADO 1 DE CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE.-**

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Valdoviño de data 12.11.2020 polo que se aproba a adxudicación da obra (parte que falta por executar): “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN MODIFICADO 1 DE CAMPO DE FUTBOL DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE” a OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L. con NIF:B70329321, por importe de 160.211,45 € (IVE engadido) e prazo de execución de tres meses .

Vistos os informes remitidos polo técnico director de obra do “Proxecto básico e de execución, modificado 1 de campo de fútbol de herba artificial no campo de fútbol municipal de Mourente” de datas, 22.02.21, resumidos en:

- a) Obras pendente de certificar 143.587,15 €
- b) Deficiencias de obras executada : 10.735,92 €

Visto o acordo de Xunta de Goberno Local de data 06.05.2021, polo que se aproba o procedemento de execución de aval (fianza ) da obra “Proxecto básico e de execución modificado 1 de Campo de fútbol de herba artificial no campo de fútbol municipal de Mourente” requirindo á Entidade ABANCA a execución da garantía definitiva prestada polo contratista MECANO SPORT S.L. adxudicatario da obra: “Campo de fútbol de herba artificial no campo de fútbol municipal de Mourente” que ascende ao importe de 11.095,85 €.

Visto escrito presentado en data 27.05.21 (registro número 2021999000008289) por OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L. no que se solicita previamente á formalización do contrato a actualización do prezo ofertado que reflexe o incremento real de custos sinalando a empresa que en caso contrario se reserva o seu dereito a renunciar á formalización do contrato.

Visto que no prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación figura a non revisión de prezos,

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, **ACORDA.**

**PRIMEIRO.-** Non acceder á petición formulada por OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L, no seu escrito registro 202199900000289, e por ende, proceder a deixar sen efecto o acordo de adxudicación do contrato a esta empresa.

**SEGUNDO.-**Propoñer a adxudicación á seguinte empresa máis vantaxosa: **GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS S.L, B36495604 requiríndolle para que no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación sinalada na cláusula 16) dos pregos que rexen a presente contratación.**

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, se entenderá que o licitador retira a súa oferta, procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

Adjudicarse a obra (parte que resta por executar) do “Proxecto básico e de execución modificado 1 de campo de fútbol de herba artificial no campo de fútbol municipal de

Mourente" por importe de 161.480,72 euros máis 10.735,92 € (correspondentes ás deficiencias das obras executadas segundo o informe do director de obra de data 22.02.21) a GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓXICOS; previa presentación da documentación antedita.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo a OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO SL. e a GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS S.L."

Vista a notificación electrónica do anterior acordo efectuada a empresa GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS S.L .o trece de xuño de dous mil vinte e un (rexistro de saída núm. 20210000001754) e acuse de recibo de data catorce de xuño de dous mil vinte e un.

Recibida a documentación presentada por **GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS S.L.** en data vinte oito de xuño de dous mil vinte e un (núm. de rexistro de entrada 202199900001043) consistente en:

- \* ROLECE e vixencia de datos.
- \* Contas anuais 2018.
- \* Relación de obras e certificados da boa execución.
- \* Póliza de Responsabilidade Civil e recibo de pago.
- \* Dirección electrónica habilitada para as notificacións.
- \* Certificado de estar o corrente coa Axencia Tributaria.
- \* Certificado de estar ao corrente coa Axencia Tributaria Galicia.
- \* Certificado de estar ao corrente coa Seguridade Social.
- \* Certificado de situación no censo de Actividades Económicas da AEAT.
- \* Recibo de pago do IAE.
- \* Declaración de non haber causado baixa no IAE.
- \* Aval bancario como garantía definitiva da obra.
- \* Acreditación medios persoais e materiais:
  - Medios persoais:
    - Títulos responsables obras
    - Número de traballadores adscritos a obra
    - Tc
  - Maquinaria:
    - Maquinaria adscrita a obra
    - Compromiso de aluguer de maquinaria
- \* Certificados REA
- \* Ratificación compromisos cláusula 12. A.2 e subcontratación

Examinada a mesma, queda suficientemente acreditado que a licitadora cumpre cos requisitos esixidos e que estes foron presentados en tempo e forma.

En consecuencia, esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente PROPÓN a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a adxudicación da obra, “**PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN MODIFICADO 1 DE CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE**” a **GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS S.L . con N.I.F.: B36495604** , por importe de **161.480,72 € máis 10.735,92 € (correspondentes ás deficiencias das obras executadas anteriormente segundo informe do director de obra de data 22.02.21)**, e prazo de execución de **TRES MESES**.

**SEGUNDO.-** Notificar o nomeamento como director de obra a **Rubén Fernández Lombardero**, colexiado núm. 3.870 e como coordinador de seguridade e saúde.

**TERCEIRO.-** Formalizar o contrato coa empresa **GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS S.L.**, que executará a citada obra, dacordo co proxecto técnico, o Prego de cláusulas que rexen a contratación, a oferta que presentou e as condicións establecidas nas autorizacións obtidas para a realización do proxecto.

**CUARTO.-** O adxudicatario está obrigado ao pago das taxas por inspección e dirección de obra, conforme á Ordenaza Fiscal reguladora desta tasa (BOP núm. 42 de data 3 de marzo de 2016) e conforme se especificou no anexo I : Cadro de características do contrato punto 16 que lle será aplicado cando presente as correspondentes certificacións de obra.

**QUINTO.-** Notificar o presente acordo ao adxudicatario e publicar a adxudicación no perfil do contratante.

*DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE”*

**A Xunta de Goberno Local, aprobou a anterior proposta de adxudicación de obra a Galitec Desarrollos Tecnológicos SL en votación ordinaria e por unanimidade dos seus asistentes.**

### **3.- PATICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE, ORDE DO 31 DE MAIO DE 2021, DE SUBVENCIÓN A ENTIDADES LOCAIS DESTINADA A CULTURA.**

*Vistas as Bases reguladoras da ” ORDE do 31 de maio de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021” publicado no DOG nº113 de 16 de xuño*

#### **PROPONSE**

Participar en dita convocatoria de *subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais* , aceptar as condicións e requisitos establecidos na orde e o compromiso de financiar o importe do proxecto que non resulte subvencionado ao abeiro da convocatoria ata o importe total da execución prevista.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 29 de xuño de 2021.  
O alcalde:  
Asdo.: D. Alberto González Fernández.”

**A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes aprobou a proposta anteriormente transcrita.**

Sen ningún outro asunto a tratar , sendo as dezanove horas e cincuenta minutos a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente , e coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

*Documento asinado dixitalmente á marxe pola Secretaria Municipal e polo Alcalde*